

O hipopótamo, a cebra, o gorila,
o elefante e moitos outros animais
van participar nun concurso
moi especial...

Quen será o vencedor?

ISBN: 978-84-19253-98-9 www.nubeocho.com



O PEIDO MÁIS GRANDE DO MUNDO

Rafael Ordóñez Laure du Fay

nubeocho

O PEIDO MÁIS GRANDE DO MUNDO

Rafael Ordóñez Laure du Fay







O peido máis grande do mundo
Colección Somos8

© do texto: Rafael Ordóñez, 2016
© das ilustracións: Laure du Fay, 2016
© da edición: NubeOcho, 2017
© da tradución: Maruxa Zaera, 2022
www.nubeocho.com · info@nubeocho.com

Título orixinal: *El pedo más grande del mundo*

Primeira edición: Novembro, 2022
ISBN: 978-84-19253-98-9
Depósito legal: M-26435-2022


Impreso en España.

Todos os dereitos reservados. Prohibida a súa reprodución.



O PEIDO MÁIS GRANDE DO MUNDO

Rafael Ordóñez Laure du Fay





O elefante chegou ao río. As súas patas afundíronse na lama, sentiu o fresquiño e pechou os ollos de pracer. Logo meteu a trompa na auga e bebeu amodiño.

“Que rica! Que ben se está aquí! Que tranquilidade!”.



Entón escoitouse un son desagradable.
O elefante mirou para o río e viu como unha
gran burbulla se desfacía e deixaba escapar
un peido.

Era o peido enorme do hipopótamo,
que nese intre sacaba a cabeza da auga.



O elefante pensou que o hipopótamo era un porcalheiro, aínda que lle fixo graza aquel peido cantareiro.

Ademais, el levaba uns minutos notando un puntiño de dor no seu enorme bandullo e, ollando para o hipopótamo, botou un peido xigante que soou coma un pequeno tronido.



Os dous repoludos animais riron un bo anaco, ata que apareceu unha xirafa que, sen mirar para eles, se achegou a beber.

Cando abaixou a cabeza e estarricou o pescozo, levantou o cu e, claro, escapoulle un peido. Non é que fose moi potente, pero longo foi abondo.

PRRP



Nese mesmo instante, un mono algo
toleirán pendurouse dunha póla cabeza
abaixo e, entre risas, exclamou:

—Que variedade de peidos! Son vostedes
uns mestres da música de vento!

A xirafa púxose colorada.